



Exposición fotográfica

Mulleres Maya Mam:

Nutrindo Raíces, Transformando Vidas

Sobre a exposición

A exposición fotográfica que, a continuación, preséntase recolle unha serie de **retratos de mulleres pertencentes á etnia Maya Mam**. Mulleres líderesas protagonistas do proxecto “Fortalecemento das capacidades de incidencia política e xeración de alternativas produtivas en mulleres Maya Mam do municipio de Santa Bárbara Huehuetenango. Fase II” que Educo desenvolve co apoio da Xunta de Galicia.

Educo e a organización local Tierra Nueva implantan este proxecto **co obxectivo de contribuír ao exercicio dos dereitos sociais e económicos das mulleres Maya Mam deste territorio**. Así, búscase mellorar a

prevención da violencia intrafamiliar e motivar a xeración de ingresos das mulleres que lles permitan maior independencia. Isto nun contexto **onde o home, tradicionalmente, acumula o protagonismo nas decisións que se toman tanto no ámbito familiar como comunitario**.

Este traballo expositivo busca achegar á sociedade galega as historias que evidencian as problemáticas que rodean á muller indíxena en Guatemala e a súa procura de desenvolvemento social. Ao tempo, ponse de relevo a importancia da cooperación descentralizada no desenvolvemento dos países máis empobrecidos e con maiores dificultades.

Sobre o fotógrafo

Nome: Alex Pérez “Kablañ”

Breve biografía: Pertencente á etnia Maya Mam, Alex é un fotógrafo e documentalista de 24 anos de idade. Ten experiencia traballando en proxectos artísticos audiovisuais e fotográficos para organizacións como USAID, MTC, Icagua e The Maya Wisdom Project.

Instagram: @kablañ_

Sobre o proxecto

Título: “Proxecto de fortalecemento das capacidades de incidencia política e xeración de alternativas produtivas en mulleres Maya Mam no municipio de Santa Bárbara Huehuetenango. Fase II”

Socio local: Tierra Nueva


Financiador: Xunta de Galicia

Ficha técnica

- 10 fotografías en cor.
Tamaño: 80x50 cm sobre foamboard
- 1 panel de presentación
- 1 roller corporativo

Guatemala

Guatemala é o país máis poboado de Centroamérica, cunha impresionante riqueza cultural e natural. Unha característica significativa da poboación guatemalteca é a súa **diversidade étnica**, existen 22 grupos recoñecidos oficialmente entre os que destacan os Mayas, onde se inclúen subgrupos como o Mam.



// A pobreza é un dos problemas máis perentorios que afectan a gran parte da poboación, especialmente ás comunidades indíxenas e rurais, onde se concentran os índices máis altos de pobreza e exclusión social. //

En concreto o departamento de **Santa Bárbara Huehuetenango é o territorio do país con maiores niveis de pobreza. Case un 98 % da súa poboación vive en situación de pobreza e un 64 % sofre pobreza extrema.**

Neste contexto **as desigualdades entre homes e mulleres acentúanse**. Elas ven minguada a súa saúde, o seu acceso á educación, o seu empoderamento e a súa participación no mercado laboral. Aínda máis se se trata de mulleres indíxenas.

A situación demográfica de Guatemala expón importantes desafíos para o país en termos de desenvolvemento sostible, equidade social e planificación de políticas públicas. A promoción da educación, o acceso á atención médica e o fomento de oportunidades económicas son aspectos fundamentais para mellorar a calidade de vida da poboación guatemalteca.

Superar estes obstáculos require dun enfoque integral que motive a participación activa da sociedade civil, do goberno e da comunidade internacional para lograr un cambio significativo e sostible no país.

A muller Maya Mam

Os Maya Mam son un grupo étnico indíxena que reside principalmente na rexión montañosa do departamento de Huehuetenango. A súa cultura e tradicións teñen profundas raíces ancestrais e persistiron a través de xeracións a pesar dos desafíos que enfrontaron e enfrontan aínda na actualidade. A situación da muller maya mam en Huehuetenango reflicte unha complexa intersección de factores culturais, sociais e económicos. Aínda que as mulleres desempeñan un papel esencial na comunidade e na familia, **a súa voz e poder na toma de decisións foron historicamente subestimados.**

Unha das principais problemáticas que enfrontan é a discriminación de xénero, manifestada na falta de acceso a oportunidades educativas e laborais. As mulleres a miúdo enfrontan barreiras para recibir unha educación formal e, así, vense limitadas a realizar tarefas domésticas e labores agrícolas. **Isto perpetúa un ciclo de dependencia económica e restrinxe a súa capacidade para mellorar as súas condicións de vida.** Adicionalmente, a violencia de xénero é unha realidade preocupante na vida diaria de moitas mulleres maya mam. A falta de mecanismos efectivos para previr e abordar a violencia doméstica e a impunidad en casos de abuso xeran un ambiente de gran vulnerabilidade para elas.

Outro problema importante é a falta de acceso a servizos de saúde adecuados, **as mulleres mayas a miúdo enfrontan dificultades para recibir atención médica de calidade,** especialmente durante o embarazo e o parto. Isto contribúe á existencia de altos índices de mortalidade materna e infantil e á persistencia de problemas de saúde que poderían evitarse facilmente cunha atención adecuada.

O acceso limitado á terra e aos recursos tamén é unha cuestión crucial para as mulleres desta etnia. A pesar do seu papel fundamental na agricultura e na produción de alimentos a miúdo vense excluídas da toma de decisións relacionadas coa terra e os recursos naturais, o que perpetúa a desigualdade de xénero no ámbito económico.

Para abordar estas problemáticas é necesario:

- un enfoque integral que involucre tanto ás comunidades indíxenas como ao goberno e ás organizacións internacionais,
- unha maior sensibilización sobre os dereitos da muller e a igualdade de xénero,
- a implementación de políticas e programas que fomenten a educación, a participación política e económica das mulleres maya mam.





Somos unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e acción humanitaria presente en 14 países que actúa desde hai máis de 30 anos a favor da infancia e en defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade.

Traballamos para que todos os nenos e as nenas disfruten plenamente dos seus dereitos e dunha vida digna.

Poñemos o foco no dereito á educación para a infancia porque considerámola a base de todos os cambios posibles. Porque a educación cura e ofrece novas oportunidades.



educuco.org



@educucong



@educuco_ONG